



## Protocolo para ceibar cabalos trabados con lazos e trancas

Seguramente moitos e moitas temos atopado mentres paseamos polo monte algúns cabalos con cepos, trancas, ligas e trabas. Efectivamente, trátase dun caso evidente de maltrato animal e efectivamente trátase dunha práctica sancionable polas distintas administracións competentes, pero o problema, e moitas veces a escusa, é que ditos animais trabados carecen, tamén ilegalmente, da preceptiva identificación, polo que cada vez que se intenta denunciar o caso frecuentemente nos atopamos con **dúas respostas**:

**1ª.** Iso non é competencia nosa. Resposta que temos escoitado tanto por parte da policía nacional, autonómica, municipal, gardería forestal/medioambiental, e SEPRONA. A competencia parece ser que nunca corresponde xustamente á autoridade coa que se contacta.

**2ª.** Non podemos facer nada, xa que os cabalos non están identificados, non sabemos quen pode ser o propietario e, polo tanto, non o podemos sancionar. Pintoresca escusa ante unha flagrante ilegalidade que xustifica que, posto que non se coñece a identidade do infractor, se deixe que continúe a ilegalidade e o maltrato animal.

**Ante todo, e o lembraremos con reiteración: Extremada precaución e independentemente de que queiramos ou consigamos ceibar aos cabalos ou non, denunciemos sempre que vexamos algún cabalo trabado.**

**O proceso de ceibar cabalos trabados pode supoñer un risco de lesións que poden ser graves tanto para o cabalo como para a persoa que o intenta ceibar. Que ninguén trivialice estes procedementos, nin minimize os riscos nin confunda o valor coa inconsciencia. A prudencia é a máxima prioridade.**

### Procedemento a seguir para unha persoa

Existe unha variada tipoloxía de sistemas para trabar cabalos. O máis xeneralizado consiste nunha corda que ata as dúas patas dianteiras do animal, ou ben ata a pata dianteira coa correspondente traseira. Para ambos supostos o protocolo para ceibalos é diferente. As veces se atan as patas cunha cadea, en lugar dunha corda.

Outro sistema de traba consiste nun pau de lonxitude variable aparafusado na “V” da derivación da rama nunha das patas dianteiras. Este sistema é o máis cruel e tamén o máis complexo de ceibar.

Lembrede que os cabalos tenden a ser gregarios e agrúpanse en núcleos familiares, polo que non esquezades que hai que prestar atención non só ao cabalo que se pretende ceibar, senón manter os ollos pendentes tamén do resto do grupo, xeralmente con poldriños, que estarán ao redor do cabalo que queiramos ceibar. De feito o motivo das trabas é precisamente para obrigar ás manadas a estar xuntas.

## **Protocolo no caso de que o cabalo teña unha traba de cordas**

**1º** Ante todo moita calma e movementos moi lentos. O cabalo síntese limitado e sábese indefenso, polo tanto a súa reacción xeralmente é de medo e desconfianza cando nos achegamos. Compre gañarse a súa confianza cunha aproximación extremadamente lenta.

**2º** Se a pesar de aproximarnos lentamente o cabalo rexeita a nosa presenza e intenta fuxir persistentemente, o mellor é abandonar o intento. Facelo “polas bravas” unha soa persoa leva implícito un risco inaceptable para o animal e para a persoa. O animal, forzando a fuxida, pode sufrir unha lesión muscular ou articular seria e a persoa levar un couce, lembre que o cabalo conserva dúas patas ceibes.

**3º** Se o cabalo acepta a nosa proximidade, e o sistema de traba é unha corda (non cadea), o mellor é usar unha navalla lista e moi ben afiada ou unhas tesoiras grandes. Se podemos fabricarnos un aparello artesanal para facelo a certa distancia, como por exemplo atar unha navalla na punta dunha vara longa, moito mellor.

**4º** Procurade, sempre, mantervos nun ángulo que permita que o cabalo poida mirarvos (se non vos mira e sinte “o tirón” do corte da corda pode reaccionar axitadamente antes de cortala e podedes levar un couce). O fundamental é que o cabalo non se sinta ameazado en ningún momento. Si ten atadas as patas dianteiras achegádevos por diante (nunca por detrás) e se leva atadas as patas dianteira e traseira achegádevos frontolateralmente pola zona atada (nunca pola zona que non ten atada e nunca por detrás). Neste momento é importante que o cabalo sinta tranquilidade e se intentamos achegarnos por detrás é case imposible que non nos escoite ou ula antes de estar cerca, polo que o asustaremos.

**5º** No mellor dos casos, o cabalo acepta a nosa proximidade e deixa que nos acheguemos as súas patas sen alterarse, nese caso, o fundamental é un corte rápido da corda, cunha navalla resistente e ben afiada, e saír da súa proximidade rapidamente e sempre conservando o ángulo de visión do cabalo.

Para este caso funcionan moi ben os “subornos” tipo mazá, cenorias, herba fresca, etc... para que o cabalo se manteña entretido comendo no momento da aproximación e no momento crucial do corte son moi eficaces. Ollo, un couce dun cabalo é perigosa, pero unha trabada tampouco é desprezable, polo que o mellor é ofrecerlle a comida sobre a man ben aberta, sen acceso aos dedos.

**6º** Unha vez cortada a corda, nos marchamos tranquilamente.

## **Protocolo se o sistema de traba é unha cadea ou cable de aceiro**

**1º** O protocolo sería o mesmo, máis non resulta frecuente que ninguén leve unhas tezas na mochila (a menos que vaíamos a propósito a ceibar cabalos). Si este é o caso, ademais de navalla lembre engadir na mochila unhas tezas de cortar metais (canto máis longo ó mango mellor).

**2º** Tede en conta que unha corda córtase relativamente rápido, pero unha cadea ou cable precisa máis tempo e maior proximidade, e polo tanto, máis probabilidade de que o cabalo se sinta nervioso.

**3º** Xeralmente as cadeas se pechan nas patas do cabalo cun arame e as veces con pequenos cadeados. Fixádevos nese aspecto pois as veces o punto de corte máis doado é nese arame ou nos aneis que suxeitan o cadeado.

## **Protocolo se a traba é cun pau**

**1º** É o sistema máis complexo de ceibar. O sistema de peche consiste nun parafuso pasante que atravesa a V da gaia da madeira, xeralmente na parte traseira da articulación da pata (estas trancas se poñen sempre nunha pata dianteira). Este parafuso pódese pechar cun cadeado ou cunha torca.

**2º** Se o peche é cunha torca, se aplicaríase a correspondente chave inglesa ou alicates.

**3º** Se o peche é cun cadeado podemos intentar romper a arandela do outro extremo.

**4º** Moita precaución e ollo neste tipo de trabas. Aquí si que temos que tirarnos, literalmente, aos pes do cabalo bastante tempo polo que senón atopamos ao animal absolutamente tranquilo é mellor absterse de intentar nada, pois o risco para o cabalo é moi grande. Estas trabas son as que provocan a maioría das fracturas e luxacións e para o “rescatador/a” tamén é moi arriscado.

## **Procedemento de actuación para varias persoas**

Se algunha vez participastes nunha “rapa das bestas” pois non hai moito máis que dicir.

Se suxeita ao cabalo polo pescozo, se intenta tirar ao chan lateralmente e se accede as patas sempre desde a parte das costas. Imprescindible sincronizarse ben e boa coordinación.

Lembrede, que tanto en grupo como individualmente, acercarse a un cabalo estresado é un proceso perigoso e non se debe desprezar nunca o risco que implica, que pode ser serio, polo que ante todo debe prevalecer a precaución e a seguridade para ambos.

A nosa experiencia, en xeral, recoméndanos non usar este tipo de procedementos, polo que a non ser que o grupo sexa composto con persoas con unha ampla experiencia en rapa das bestas desaconsellamos absolutamente que se intente.

Non se debe descartar a posibilidade de que nalgún momento da operación de ceibado dos cabalos poida aparecer o dono do animal. Nese caso, compre chamar inmediatamente ao SEPRONA para que identifique ao propietario e poida recibir a correspondente sanción. En xeral, os cabalos trabados carecen de identificación algunha do seu propietario, é aquí onde radica a dificultade das administracións para actuar ante estes casos de maltrato animal. Pero nalgunha ocasión excepcional, podemos atopar cabalos trabados con algunha sinal de identificación do seu dono, xeralmente marca de ferro. Neste caso, compre sacar algunha foto e adxuntala á denuncia ante o SEPRONA, Concello, Medio Rural, etc.